



GUÍA PARA A XESTIÓN DOS REQUISITOS ADMINISTRATIVOS APLICABLES A ADEGAS

Arturo José Fernández González
José Carlos Prado Prado

PARTE 4

GUÍA PARA A XESTIÓN
DOS REQUISITOS
ADMINISTRATIVOS
APLICABLES A ADEGAS



Parte 4

REQUISITOS RELATIVOS AOS TRANSPORTES	187
4.1. Requisitos da Consellería do Medio Rural (Xunta de Galicia)	187
4.1.1. Documento de acompañamento	188
4.1.2. Excepcións	192
4.1.3. Visado dos documentos de acompañamento	193
4.1.4. Certificación de orixe dos viños con denominación de orixe protexida (DOP) ou indicación xeográfica protexida (IXP)	198
4.2. Requisitos da AEAT	198
4.2.1. Funcionamento do sistema EMCS	202
4.2.2. Circulación interior (Península Ibérica e Baleares) – EMCS interno	205
4.2.3. Circulación Intracomunitaria (países da UE) - EMCS intracomunitario	206
4.2.4. Circulación a terceiros países (fóra da UE ou a Canarias, Ceuta ou Melilla)	209
4.2.5. Resposta do receptor	210
4.2.6. Outros casos de circulación	210



Requisitos relativos aos transportes

Esta parte recolle os requisitos administrativos relativos aos transportes de produtos vitivinícolas.

Esencialmente, os requisitos proveñen de dúas administracións:

- a. Consellería do Medio Rural (Xunta de Galicia)
- b. Axencia Tributaria (AEAT)

Non obstante, tamén se menciona nos consellos reguladores, posto que xogan un determinado papel na formalización dos documentos de acompañamento esixidos pola Consellería do Medio Rural.

Neste caso non se inclúe unha apartado “Base normativa” ao comezo desta parte, senón que, debido á diferente natureza dos requisitos, iranse indicando as disposicións legais de aplicación en cada un dos apartados que o integran:

1. Requisitos da Consellería do Medio Rural (Xunta de Galicia)
2. Requisitos da AEAT

4.1. Requisitos da Consellería do Medio Rural (Xunta de Galicia)

Os produtos do sector vitivinícola que circulen en Galicia están suxeitos ao establecido no:

- Decreto 158/2011, do 21 de xullo, da Consellería do Medio Rural, polo que se ditan normas de aplicación sobre os documentos que acompañan o transporte de produtos vitivinícolas, os rexistros e as declaracións de determinadas prácticas no sector vitivinícola na Comunidade Autónoma de Galicia (publicado no DOG nº 148 do 3 de agosto de 2011).

Debe terse en conta que este Decreto 158/2011 baséase no Regulamento (CE) 436/2009 da Comisión, do 26 de maio de 2009. No entanto, este regulamento europeo foi, en primeiro lugar, modificado polo Regulamento de execución (UE) nº 314/2012¹, e, posteriormente, derrogado polo

- Regulamento delegado (UE) 2018/273 da Comisión, do 11 de decembro de 2017, polo que se completa o Regulamento (UE) nº 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, no que respecta ao réxime de autorizacións para plantacións de vide, o rexistro vitícola, os documentos de acompañamento, a certificación, o rexistro de entradas e saídas, as declaracións obrigatorias, as notificacións e a publicación da información notificada, e polo que se completa o Regulamento 1306/2013 no que incumbe aos controis e sancións pertinentes, polo que se modifican os regulamentos (CE) 555/2008, (CE) 606/2009 e (CE) 607/2009 e polo que se derrogan o Rº 436/2009 e o Regulamento delegado (UE) 2015/560, que debe considerarse actualmente a disposición legal fundamental en materia de documentos de acompañamento.

Non obstante, no momento de elaborar esta guía, en Galicia segue estando vixente o Decreto 158/2011, aínda que se espera unha próxima actualización deste. Por iso utilizáremolo como a referencia normativa base, á espera da devandita actualización, e explicaremos as obrigas derivadas deste en canto á documentación de acompañamento dos transportes de produtos vitivinícolas na Comunidade Autónoma de Galicia (aínda que faremos algunha consideración de interese derivada do Regulamento delegado (UE) 2018/273).

4.1.1. Documento de acompañamento

Os produtos do sector vitivinícola deben circular amparados por un documento oficial, que se denominará "*documento de acompañamento*", que deberá poder presentarse ás autoridades competentes ao longo de toda a operación de transporte².

Os documentos de acompañamento recoñecidos como válidos para as autoridades competentes están recollidos no artigo 10 do Regulamento delegado (UE) 2018/273.

Cada documento de acompañamento será válido para un só transporte³.

¹ Regulamento de execución (UE) nº. 314/2012 da Comisión, do 12 de abril de 2012, polo que se modifican os regulamentos (CE) nº. 555/2008 e (CE) nº. 436/2009 no tocante aos documentos que acompañan o transporte de produtos vitivinícolas e os rexistros que se deben levar no sector vitivinícola.

² Regulamento delegado (UE) 2018/273, art. 8.

³ Regulamento delegado (UE) 2018/273, art. 8.

No caso de que exista unha discrepancia superior ao 1,5% (inferior ou superior) entre os datos reflectidos no documento de acompañamento e o volume transportado, procederase a comunicalo á Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural dentro das 48 horas seguintes, e, ademais, deberán anotarse os datos reais nos rexistros⁴.

4.1.1.1. TRANSPORTE DE VIÑO EN RÉXIME SUSPENSIVO DE IMPOSTOS ESPECIAIS

Cando o viño circule en réxime suspensivo de impostos especiais (véxase apdo. 4.2, "Requisitos da AEAT"), sexa en circulación interior ou intracomunitaria, **o documento administrativo electrónico (e-DA), de circulación obrigatorio nestes casos, é suficiente como documento de acompañamento.** Tamén, en circulación intracomunitaria, se o viño circula fóra do réxime suspensivo, o documento simplificado de acompañamento é suficiente.

4.1.1.2. TRANSPORTE DE PRODUTOS VITIVINÍCOLAS FÓRA DO RÉXIME SUSPENSIVO

No caso de transporte de produtos vitivinícolas fóra do réxime suspensivo, poden darse distintos casos:

- a. Produtos vitivinícolas con imposto devindicado: neste caso o documento de acompañamento será un albará ou factura, no que se indicará a cantidade transportada (nº de botellas ou caixas, volume en litros, etc.). Se o produto non está etiquetado, o documento deberá ademais identificar o produto con todos os datos necesarios: produto, variedade(s), colleita, grao, subzona (de ser o caso), etc.
- b. Outras situacións (transporte de uvas, mostos ou certos viños): nestes casos é necesario utilizar un documento de acompañamento normalizado, que se reproduce na figura 4.1.1 (e que se pode obter do anexo I do Decreto 158/2011). Para iso, previamente o operador debe dispoñer (véxase apdo. 4.1.3) da autorización para o visado de documentos de acompañamento (anexo II do Decreto 158/2011), ou ben visalo nas dependencias da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural ou na oficina agraria comarcal correspondentes (ver apdo. 4.1.3).

Non obstante, a lexislación vixente considera certas excepcións. As máis habituais, entre as que se atopa o transporte de uva ou mosto desde o viñado á adega durante a vendima, recóllense na epígrafe 4.1.2 desta guía. En caso de dúbida, consúltese a lexislación oficial vixente de aplicación⁵.

⁴ Decreto 158/2011, art. 15, e Regulamento delegado (UE) 2018/273, anexo V, apdo. B, punto 2.2.

⁵ Como xa se sinalou, debe terse en conta que o Decreto 158/2011 vixente en Galicia baséase no Regulamento (CE) 436/2009 da Comisión, do 26 de maio de 2009, actualmente derogado polo Regulamento delegado (UE) 2018/273 da Comisión, do 11 de decembro de 2017. Isto provoca unha

Nota: Algúns dos consellos reguladores vitivinícolas de Galicia solicitan a formalización dun documento de acompañamento de transporte segundo este modelo, mesmo no caso de que o transporte vaia amparado por un documento administrativo electrónico (e-DA). Tamén pode ser esixido para os transportes de mosto (que non requiren e-DA). Nestes casos proporcionan ao operador un formato propio, idéntico ou similar ao mostrado na figura 4.1.1.

Seguindo o establecido no Decreto 158/2011, cando o produto se transporte en recipientes dun volume superior a 60 litros, o documento de acompañamento orixinal terá dúas copias adicionais⁶. O orixinal e as copias do documento teñen a seguinte finalidade:

- **Orixinal:** acompaña a mercancía e debe ser entregado polo transportista ao destinatario.
- **1ª copia:** tena que entregar o expedidor no servizo competente da Xefatura Territorial correspondente da Consellería do Medio Rural (mediante o rexistro electrónico da Xunta) antes do día 10 do mes seguinte (ver parte 3, apdo. 3.1, desta guía).
- **2ª copia:** queda en mans do expedidor.

O documento de acompañamento deberá cubrirse de maneira lexible e presentarse con caracteres indelebles. Calquera riscada, raspado ou procedemento corrector invalidarao.

As copias dos documentos de acompañamento deberán ser conservadas como mínimo cinco anos⁷, estando obrigados expedidores, transportistas e destinatarios a presentalas aos axentes da autoridade competente no momento en que sexan requiridos.

situación de certa incerteza legal, que probablemente se resolverá cunha próxima actualización do Decreto 158/2011.

⁶ Decreto 158/2011, art. 5.

⁷ Decreto 158/2011, art. 3.

1. Nome do expedidor:		2. N.º de referencia:	
NIF: Enderezo: Concello: Provincia: CP:		4. Autoridade competente: Xunta de Galicia, Consellería do Medio Rural Axencia Galega da Calidade Alimentaria Camiño Francés, 10 15703 Santiago de Compostela	
3. Nome do destinatario. Enderezo: Concello: Provincia:		6. Data de inicio de transporte:	
5. Transportista. Medio de transporte. Matrícula:		7. Lugar de entrega (se non corresponde co enderezo do destinatario):	
Designación do produto	Grao alcohólico (adquirido no viño e total no mosto) % vol.:	Zona vitivinícola e manipulacións efectuadas:	9. Cantidade:
10. Datos complementarios prescritos polo Estado membro do envío:			
11. Certificados (relativos a determinados viños):			
12. Controis efectuados polas autoridades competentes:		Empresa asinante e n.º de teléfono:	
		Nome do asinante: Lugar e data: Sinatura:	

Figura 4.1.1. Modelo de documento de acompañamento.

(Fonte: Anexo I do Decreto 158/2011)

4.1.2. Excepcións

Non será necesario documento de acompañamento nos seguintes casos⁸ (aínda que nalgun dos deles si é esixible por parte da AEAT o documento electrónico de acompañamento –e-DA–; respecto diso véxase a parte 4, apdo. 4.2, desta guía):

- a. Produtos vitivinícolas transportados desde o viñedo ao recinto de vinificación, entre dous recintos da mesma empresa ou entre os recintos pertencentes a unha agrupación de produtores, sen cambio de propietario, sempre que o transporte se efectúe para a súa vinificación, transformación, almacenamento ou embotellamento, a distancia total do percorrido por estrada non exceda os 70 quilómetros e o transporte se realice exclusivamente no territorio dun só Estado membro ou fose autorizado polas autoridades competentes dos Estados membros de que se trate.

Isto significa que, p. ex., o transporte de uva desde o viñedo ata a adega non require de documento de acompañamento, se non supera os 70 quilómetros de distancia. No entanto, **o transportista debe poder acreditar a procedencia da uva e identificar o seu destino**, tanto para os inspectores do órgano de control do Consello Regulador correspondente, como para calquera outra autoridade competente que llo esixa.

Respecto diso, lémbrese que os viticultores inscritos nas DOP/IXP dispoñen de documentación acreditativa diso e das súas parcelas inscritas nestas.

Lémbrese tamén que a Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, establece a obriga para os operadores alimentarios de formalizar contratos de compra-venda de produtos alimentarios, como é o caso da uva, o mosto ou o viño. Estes contratos deben formalizarse sempre por escrito, e sempre antes das prestacións que teñan a súa orixe nestes⁹; é dicir, no caso de compra de uva, antes da vendima (véxase parte 7, apdo. 7.5.4, desta guía).

- b. No caso de transportes de bagazo de uva e de lías de viño, para conducir estes produtos a unha destilería ou planta de produción de vinagre sempre que o dito transporte vaia acompañado dun albará, ou cando se efectúa para retirar baixo supervisión dos devanditos produtos da vinificación.
- c. Zume e mosto de uva dos códigos NC 2009 61 e 2009 69 entregados a axentes económicos non implicados na vinificación, se o produto vai acompañado dun documento comercial.

⁸ Extraídos do Regulamento delegado (UE) 2018/273, art. 9, que se recomenda consultar para maior detalle. Aínda que o Decreto 158/2011 fai mención ás excepcións recollidas no Regulamento (CE) 436/2009, lémbrese que este está derogado, polo que consideramos oportuno sinalar aquí as recollidas no Regulamento delegado (UE) 2018/273.

⁹ Ver Lei 12/2013, art. 8.

d. Cando o transporte se faga en recipientes dun volume nominal inferior ou igual a 10 litros, etiquetaxes, provistos, ademais, dun dispositivo de peche irrecuperable, sempre que a cantidade total transportada non exceda:

- os 5 litros ou 5 quilogramos, no caso do mosto de uva concentrado, rectificadado ou non;
- os 100 litros, no caso dos demais produtos.

e. Mostras comerciais.

f. Mostras destinadas a unha autoridade competente (p. ex. o Consello Regulador) ou un laboratorio designado (para as análises fisicoquímicas ou organolépticas).

Non debe esquecerse que, aínda que nestes casos non sexa esixible documento de acompañamento, os expedidores deberán poder demostrar, en calquera momento en que lles sexa esixido, a correspondencia e exactitude dos produtos transportados con toda a información incluída nos seus libros de entradas e saídas, ou noutros rexistros con similar validez.

4.1.3. Visado dos documentos de acompañamento

Segundo o establecido no Decreto 158/2011 no seu artigo 6, os orixinais e copias de todos os documentos de acompañamento que amparen transportes de produtos vitivinícolas (cando non sexa necesario e-DA), realizados en recipientes de volume nominal superior a 60 litros, deberán ser validados **previamente ao comezo de cada transporte**.

Nestes casos, o visado dos documentos de acompañamento realizarase dalgunha das seguintes formas:

- a. Polo servizo competente da Xefatura Territorial correspondente da Consellería do Medio Rural.
- b. Pola oficina comarcal agraria correspondente onde se iniciou o transporte.
- c. Polo expedidor, se está autorizado.

Para que o expedidor poida efectuar o visado dos documentos de acompañamento, deberá solicitar previamente a súa autorización¹⁰ na sede electrónica da Xunta de Galicia, utilizando o **procedemento MR360B** (segundo o modelo que se reproduce na figura 4.1.2).

¹⁰ Decreto 158/2011, art. 7.

A autorización para o visado de documentos de acompañamento que amporen a uva de vinificación será válida unicamente para a campaña que se solicite (sendo o modelo do selo o indicado no anexo III letra a) do Decreto 158/2011, que se reproduce na figura 4.1.3).

O visado realizarase polo propio expedidor, cando estea autorizado, mediante un selo das dimensións e características establecidas no anexo III do Decreto 158/2011 -letra a) para a uva de vinificación, letra b) para o resto de produtos vitivinícolas- ou unha impresión de características e dimensións idénticas (ver figuras 4.1.3 e 4.1.4).

Cando o visado non se realice polo propio expedidor, o documento de acompañamento terá que ser visado polo servizo competente da Xefatura Territorial correspondente da Consellería do Medio Rural ou á oficina agraria comarcal correspondente. O número de referencia do documento de acompañamento será atribuído a cada operador pola devandita entidade, debendo figurar este preimpreso no documento de acompañamento e formar parte dunha serie continua.

En caso de infracción grave das disposicións comunitarias do sector vitivinícola ou das disposicións nacionais adoptadas en aplicación destas, ou cando a autoridade competente teña sospeitas fundadas dunha infracción deste tipo, poderá retirar a autorización de visado concedida.

Nas figuras 4.1.3, 4.1.4 e 4.1.5 represéntanse os diferentes selos de visado, segundo o caso.

Cando se reciban documentos de acompañamento con irregularidades, o receptor comunicaráo ao servizo competente da Xefatura Territorial correspondente da Consellería do Medio Rural no prazo de dous días hábiles seguintes á data de recepción¹¹.

¹¹ Decreto 158/2011, art. 6.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I

PROCEDEMENTO AUTORIZACIÓN PARA O VISADO DOS DOCUMENTOS DE ACOMPAÑAMENTO R(CE) 436/2009	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR360B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	--	---------------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME/RAZÓN SOCIAL
 PRIMEIRO APELIDO
 SEGUNDO APELIDO
 NIF

TIPO
 NOME DA VÍA
 NUM
 BLOQ
 ANDAR
 PORTA

PARROQUIA
 LUGAR

CÓDIGO POSTAL
 PROVINCIA
 CONCELLO
 LOCALIDADE

TELÉFONO
 FAX
 TELÉFONO MÓBIL
 CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL
 PRIMEIRO APELIDO
 SEGUNDO APELIDO
 NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a: Persoa ou entidade solicitante Persoa ou entidade representante
 Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:

TELÉFONO MÓBIL
 CORREO ELECTRÓNICO

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.

Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal> (<https://notifica.xunta.gal>). Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)

As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén a disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido forma voluntaria.

TIPO
 NOME DA VÍA
 NUM
 BLOQ
 ANDAR
 PORTA

PARROQUIA
 LUGAR

CÓDIGO POSTAL
 PROVINCIA
 CONCELLO
 LOCALIDADE

NATURALEZA XURÍDICA

Persoa física S.A. S.L. C.B. Cooperativa S.A.T. Outras

ACTIVIDADE EMPRESARIAL

Produción Industrialización Comercialización Transporte GRUPO OU EPIGRAFE DA LICENZA

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

Figura 4.1.2.a. Modelo de solicitude de autorización para o visado de documentos de acompañamento, páx. 1

(Fonte: Sede electrónica da Xunta de Galicia, procedemento MR360B)

PRODUTOS PARA OS QUE SOLICITA A AUTORIZACIÓN

Uva fresca para vinificación Mostos Vños

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
NIF da entidade representante	<input type="checkbox"/>

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa de interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de Procedementos e Servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e mais información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais .

Actualización normativa: no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

LEXISLACIÓN APLICABLE


Decreto 158/2011, do 21 de xullo, polo que se ditan normas de aplicación sobre os documentos que se acompañan o transporte de produtos vitivinícolas, os rexistros e as declaracións de determinadas prácticas no sector vitivinícola na Comunidade Autónoma de Galicia.


Orde do 22 de abril de 2015 do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se adaptan e incorporan á sede electrónica da Xunta de Galicia os procedementos administrativos de prazo aberto da Consellería do Medio Rural e do Mar.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

LUGAR E DATA

, de de



 **SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora
<https://sede.xunta.gal>

Xefatura territorial da Consellería do Medio Rural de

Figura 4.1.2.b. Modelo de solicitude de autorización para o visado de documentos de acompañamento, pág. 2

(Fonte: Sede electrónica da Xunta de Galicia, procedemento MR360B)

Figura 4.1.3. Selo de autovalidación para uva de vinificación

(Fonte: Anexo III do Decreto 158/2011)




Figura 4.1.4. Selo de autovalidación para viño e outros produtos vitivinícolas

(Fonte: Anexo III do Decreto 158/2011)





Figura 4.1.5. Selo de validación pola autoridade competente

(Fonte: Anexo III do Decreto 158/2011)



4.1.4. Certificación de orixe dos viños con denominación de orixe protexida (DOP) ou indicación xeográfica protexida (IXP)¹²

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a certificación de orixe dos viños con denominación de orixe protexida (DOP) corresponde aos respectivos consellos reguladores. Para os viños acollidos a unha indicación xeográfica protexida (IXP), a certificación de orixe será realizada pola Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal).

Non obstante, a certificación de orixe poderá ser realizada polos operadores pertencentes a unha denominación de orixe protexida (DOP) ou a unha indicación xeográfica protexida (IXP) no caso de que os devanditos produtos circulen amparados por un documento de acompañamento electrónico (e-DA). Para estes efectos, os órganos de control establecerán, dentro das súas competencias, o sistema de información destes movementos.

Cando se utilice o documento de acompañamento establecido no Decreto 158/2011, a certificación de orixe ou procedencia dos produtos vitivinícolas figurará no recadro "Certificados" do correspondente documento de acompañamento (epígrafe 11 do modelo; ver figura 4.1.1).

Farase constar no documento a certificación de orixe co selo, a data e sinatura da persoa que certifica, anotando no recadro reservado a certificados as seguintes lendas:

- a. Para os viños DOP: "O presente documento ten valor de certificado de denominación de orixe protexida para os viños que nel figuran".
- b. Para os viños con IXP: "O presente documento ten valor de certificado de indicación xeográfica protexida para os viños que nel figuran".

4.2. Requisitos da AEAT

A Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) establece o requisito de elaborar un **documento de circulación** sempre que se realice unha expedición de viño.

Pero, dependendo de se a operación devindica o Imposto especial sobre o Viño e Bebidas Fermentadas (IVBF) ou non (é dicir, en réxime suspensivo), o devandito documento de circulación deberase tramitar dunha forma ou outra.

QUE É O RÉXIME SUSPENSIVO?

A Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, establece (artigo 4) que o réxime suspensivo é un tipo de réxime fiscal, consistente na suspensión de impostos especiais,

¹² Decreto 158/2011, art. 8.

aplicable á fabricación, transformación, tenza ou circulación de produtos obxecto dos impostos especiais non incluídos nun réxime aduaneiro suspensivo. Polo tanto, aínda que se realizou o feito imponible (fabricación ou importación), non se produce o pagamento do imposto e, polo tanto, non resulta esixible o seu pagamento. En realidade, trátase dun atraso no pagamento do imposto, permitindo que os produtos obxecto de impostos especiais permanezan en situación de réxime suspensivo mentres non saian da fábrica na que se elaboraron, ou do depósito fiscal no que se almacenen, así como durante o transporte entre fábricas e depósitos fiscais, e mesmo cando o transporte transcorra entre distintos estados membros da UE.

Así, o viño circulará en réxime suspensivo cando non sexa produto de consumo final, e sempre que o destinatario sexa un operador rexistrado (é dicir, teña CAE); por exemplo, de adega a adega.


No esquema da figura 4.2.1 móstrase a principal casuística relativa á aplicabilidade do Imposto especial sobre o Viño e Bebidas Fermentadas (IVBF) en función de como saia o viño da nosa adega ("adeга 1") e cal sexa o destinatario. Nos apdos. 4.2.2 a 4.2.4 explícase con máis detalle esta casuística.

Esencialmente, debemos comprender que, aínda que a adeга é unha fábrica, tamén pode comportarse como un distribuidor ou un simple punto de venda. As existencias da fábrica atópanse por definición en réxime suspensivo, pero se se venden desde a mesma adeга a destinatarios que non estean rexistrados para recibir mercadoría en réxime suspensivo (como o son habitualmente distribuidores, tendas, restaurantes ou particulares), considérase que a adeга actúa como un distribuidor ou un punto de venda. Neste caso, a mercancía "trasládase" desde a adeга-fábrica á adeга-punto de venda nun movemento que devindica o imposto especial (IVBF), e que debe acompañarse dunha autofactura (se soamente se dispón dun NIF) ou dunha factura (se se dispón de NIF distintos para ambas as dúas actividades, elaboración e distribución).

Nesta autofactura ou factura debe constar a aplicación do imposto especial (polo menos a mención a este, do tipo "impostos especiais incluídos" ou similar, dado que o tipo impositivo actualmente é cero). A mercancía irá acompañada da correspondente documentación comercial e de transporte e na factura ao cliente xa non figurará mención a impostos especiais, dado que se fai desde a adeга-punto de venda e o imposto xa se devindicou no traspaso da mercadoría da adeга-fábrica á adeга-punto de venda.

Para que o transporte se poida realizar baixo réxime suspensivo, a adeга que envía a mercancía ten que asegurarse de que o destinatario é un operador rexistrado no seu país para a recepción de produtos en réxime suspensivo de impostos especiais. No caso contrario, o viño circulará suxeito ao IVBF (non facelo así pode ser sancionable pola AEAT).

Non obstante, no caso das adegas dáse a peculiaridade de que, actualmente, o **tipo de gravame do imposto especial é cero**.



QUE PASA CO IVE?

Mentres o viño circule en réxime suspensivo, estará exento de IVE (Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido). Así, por exemplo, se unha adega vende viño a outra, o envío realizarase en réxime suspensivo do IVBF e exento de IVE.

Cando a circulación non se faga en réxime suspensivo, será de aplicación o IVE, tendo en conta que a súa base imponible será a suma da base imponible do IVBF máis o IVBF. Non obstante, lembremos unha vez máis que, actualmente, o tipo de gravame do IVBF é cero, polo que non ten repercusión cuantitativa na factura, aínda que é conveniente facelo constar (p. ex. mediante a expresión "impuestos especiais incluídos", "IVBF incluído", ou similar).

QUE DOCUMENTOS DE CIRCULACIÓN PODEMOS UTILIZAR?

Os documentos válidos para amparar a circulación dos produtos suxeitos a impostos especiais, como é o caso do viño, son os seguintes (segundo cada caso):

- Documento administrativo electrónico (e-DA): sistema EMCS
- Documento simplificado de acompañamento (DSA)

- Albará de circulación
- Documentos aduaneiros
- Documento de acompañamento de emerxencia
- Recibos e comprobantes de entrega

Ademais, a oficina xestora de IIEE da AEAT podería autorizar, excepcionalmente, algún outro documento con carácter específico, distinto dos mencionados, para amparar a circulación entre establecementos dun mesmo titular.

O responsable de emitir o documento de circulación é, como regra xeral, o titular do establecemento desde o que se inicia a circulación, é dicir, o expedidor. Tamén, como regra xeral, é o expedidor o responsable das irregularidades que puidesen suceder durante o transporte dos produtos suxeitos a IIEE, e quedar liberado da devandita responsabilidade a partir do momento da recepción por parte do destinatario.

QUE É O SISTEMA EMCS?

O EMCS (*Excise Movement Control System*) é un sistema informatizado de control (en funcionamento desde 2010) que permite a todos os Estados membros da Unión Europea documentar a tempo real os movementos dos produtos suxeitos a impostos especiais (en réxime suspensivo).

O sistema EMCS baséase no previo rexistro do expedidor e do destinatario (cada un no seu país, se son distintos) como operadores autorizados para o movemento de produtos en réxime suspensivo de impostos especiais.

Para poder utilizalo, debemos facelo desde a sede electrónica da AEAT, ou ben utilizar un sistema propio que envíe os documentos XML á propia sede da AEAT. Nesta guía vaise tratar unicamente o primeiro formato, posto que é o método máis utilizado.

Na web da AEAT pode atoparse abundante información sobre o EMCS. Se nela buscamos o logo de aduanas e impostos especiais (figura 4.2.2) e facemos clic nel, entramos na páxina de aduanas e impostos especiais. Aquí debemos pulsar o logo de impostos especiais (figura 4.2.2), que nos leva á páxina de impostos especiais (figura 4.2.3).

Figura 4.2.2 Sede electrónica da AEAT, logotipos de "Aduanas e Impostos Especiais" e "impuestos Especiales"

(Fonte: AEAT)






Figura 4.2.3. Sede electrónica da AEAT, sección “Impostos Especiais” (Fonte: AEAT)

Facendo clic sobre o logo EMCS recondúcesenos a outra páxina na que aparecen os diferentes tipos de EMCS (figura 4.2.4), así como as novidades recentes relativas a este.





Figura 4.2.4 Sede electrónica da AEAT, sección “Sistemas de control de movimientos de impostos especiais” (Fonte: AEAT)

A continuación, explícase o funcionamento do sistema EMCS e a casuística nos tres tipos de envíos posibles:

1. Circulación interior (Península Ibérica e Baleares)
2. Circulación intracomunitaria (Estados membros da UE)
3. Circulación internacional (Estados fóra da UE, Canarias, Ceuta e Melilla)

4.2.1. Funcionamento do sistema EMCS

O diagrama da figura 4.2.5 fai referencia ao funcionamento en condicións normais do sistema EMCS, que se explica a continuación. Posteriormente, explícase tamén como proceder en caso de indisponibilidade do sistema EMCS.



I. EN CONDICIÓN NORMAIS

Sempre que a aplicación do EMCS na sede electrónica estea operativa (é dicir, en condicións normais de funcionamento), os pasos que se deberán levar a cabo serán os seguintes (ver figura 4.2.5):

1. O expedidor deberá cubrir o formulario EMCS para crear o documento administrativo electrónico, denominado e-DA, cunha antelación non superior a 7 días antes da data consignada como de expedición.
2. A AEAT valida, numera (asigna o código administrativo de referencia, ARC, composto por 21 caracteres, que servirá de referencia para identificar o documento) e devolve o e-DA ao expedidor.

Se os datos non fosen válidos, a AEAT informará sen demora o expedidor.

3. O expedidor envía fisicamente os produtos en réxime suspensivo amparados polo e-DA.

A persoa que acompañe a mercancía deberá portar unha **copia impresa do e-DA**, ou calquera outro documento comercial ou de acompañamento no que figure o ARC de forma claramente identificable, e deberá ser presentado ás autoridades competentes que o poidan requirir durante toda a circulación.

NOTA IMPORTANTE

A circulación de produtos suxeitos a IIEE de fabricación con fins comerciais no ámbito territorial interno¹³, que deba estar amparada por un e-DA e **careza de ARC**, ten o carácter de infracción **grave**.

4. A administración do expedidor (AEAT) transmite o e-DA á administración do Estado membro de destino (de ser o caso).
5. A administración do destinatario recibe o e-DA e envía ao destinatario.
6. Os produtos chegan fisicamente ao destinatario.
7. O destinatario comproba a mercancía e envía o certificado de recepción (mensaxe electrónica de conformidade ou con incidencias) á súa administración (é dicir, “pecha o EMCS”).
Este paso, o “peche” do EMCS, é fundamental. Se non se efectúa, a AEAT pode sancionar os intervinientes na operación.
Dispónse de 5 días para pechar o EMCS, aínda que debería pecharse no momento da recepción da mercancía, coas incidencias que poida haber (de ser o caso). P. ex. se se perderon 40 litros por rotura de botellas, sinalaríanse os litros realmente recibidos e a incidencia que ocorreu.
8. A administración de destino valida o certificado de recepción e devólveo ao destinatario.
9. A administración de destino envía tamén o certificado de recepción validado á administración de expedición.
10. A administración de expedición envía ao expedidor o certificado de recepción que recibiu de destino. Se o resultado foi conforme, con isto remátase o movemento.
O expedidor ten a obriga de conservar a notificación de recepción en soporte papel ou informático durante un período de 4 anos.

Nota: O e-DA pode ser anulado polo expedidor en tanto non comezase a circulación da mercancía, o que se considera, como regra xeral, o momento no que os produtos abandonan o establecemento de expedición.

Nota: Tamén é posible modificar o lugar de destino a través do sistema EMCS para indicar un novo.

Nota: Non está permitido elaborar un e-DA con carácter “diferido”, é dicir, xeralo *a posteriori* de realizarse a circulación dos produtos, salvo en caso de indispoñibilidade do sistema EMCS (ver epígrafe seguinte).

¹³ O “ámbito territorial interno” de aplicación é o territorio español peninsular e Baleares. Non inclúe Canarias, Ceuta e Melilla.

II. SE O SISTEMA EMCS NON ESTÁ DISPOÑIBLE

Se se dese o caso de que o sistema informático EMCS non estivese dispoñible no momento de iniciar a circulación, a adega deberá realizar un documento administrativo de emerxencia que conteña os mesmos datos que o e-DA, e ademais deberá informar a oficina xestora da devandita indispoñibilidade.

O modelo para a circulación interior é o **modelo 525**, que pode localizarse na sede electrónica da AEAT.

En canto o sistema EMCS volva estar dispoñible, e como moi tarde o día hábil seguinte tras o restablecemento deste, o expedidor debe presentar o borrador do e-DA, indicando "modo diferido". Neste debe indicarse, como número de referencia local, o número asignado ao documento administrativo de emerxencia (modelo 525), de tal modo que haxa unha clara correlación entre ambos os dous documentos (o de emerxencia e o e-DA).

O documento administrativo de emerxencia utilizado debe ser conservado polo expedidor durante 4 anos, xa sexa en papel ou en soporte informático.

4.2.2. Circulación interior (Península Ibérica e Baleares) – EMCS interno



Como xa sabemos, a utilización ou non do EMCS depende do réxime que sexa aplicable ao envío:

1. **En réxime suspensivo:** transporte desde a adega a calquera operador nacional rexistrado (outras adegas elaboradoras, adegas almacenistas, feiras que dispoñan de CAE, etc.). Neste caso debe utilizarse un documento e-DA (documento administrativo electrónico), mediante o sistema EMCS interno.
2. **Fóra do réxime suspensivo:** transporte desde a adega a calquera operador nacional non rexistrado (habitualmente, distribuidores, grandes superficies, vinotecas, consumidores finais, feiras que non dispoñan de CAE, etc.). Neste caso non se considera EMCS. A saída de fábrica devindica o imposto¹⁴, polo que se trata dunha venda normal con albará de circulación e factura comercial suxeita a IVE.

¹⁴ Se a saída se produce desde un punto de venda situado na adega, este non se considera fábrica, polo que se devindicará o IVBF no movemento da mercancía desde as instalacións produtivas ao

A casuística básica resúmese na figura 4.2.6.




Figura 4.2.6
Casuística básica de circulación interior
(Fonte: elaboración propia)

4.2.3. Circulación Intracomunitaria (países da UE) - EMCS intracomunitario



Enténdese por circulación intracomunitaria o envío de viño entre dous ou máis Estados membros da UE, o cal, como nos casos anteriores, pódese realizar en réxime suspensivo ou co imposto devindicado.

Todos os envíos que faga unha adega con CAE cara ao outro Estado membro son, en principio, en réxime suspensivo mediante o sistema EMCS, sempre e cando o destinatario

devandito punto de venda, o que debe ser documentado mediante unha factura (ou autofactura) con indicación do IVBF e o IVE (ver figura 4.2.1).

este autorizado para a recepción de produtos en réxime suspensivo de impostos especiais no seu país. Soamente fan envíos intracomunitarios fóra do réxime suspensivo (polo tanto, con imposto devindicado) os distribuidores ou comercializadores.

O expedidor sempre debe asegurarse de que o receptor ten autorización para recibir o produto.

1. **Réxime suspensivo** (aplicable ás adegas con CAE cara a calquera destinatario autorizado): transporte desde a adega a calquera operador (outras adegas elaboradoras ou almacenistas, feiras, etc.) debidamente autorizado para a recepción de produtos en réxime suspensivo de impostos especiais no seu país. Neste caso debe utilizarse un documento e-DA (documento administrativo electrónico), mediante o sistema EMCS intracomunitario.

O expedidor debe asegurarse de que o receptor ten autorización para recepción en réxime suspensivo.

Para iso, a UE dispón dun censo intracomunitario de operadores no ámbito dos impostos especiais, que permite verificar se un operador está autorizado para a recepción de produtos en réxime suspensivo: o SEED (*System for Exchange of Excise Data*)¹⁵.

Na circulación intracomunitaria, algúns destinatarios non dispoñen de rexistro no seu país, pero si poden dispoñer dun código de autorización de recepción para unha operación determinada, e que se extingue con ela, considerándose o destinatario como un operador rexistrado ocasional. Nestes casos a circulación tamén se efectúa en réxime suspensivo.

Cando se trate dun destinatario rexistrado de forma ocasional, o expedidor ten a obriga de requirir ao destinatario o documento que acredite o pagamento dos impostos especiais no Estado membro de destino, ou un documento de validez similar (hai que ter en conta que, nestes casos, o destinatario só está autorizado a recibir unha determinada cantidade de produtos, e que a autorización ten unha validez máxima de 6 meses durante os cales poden realizarse varios envíos, sempre e cando non se supere a cantidade máxima que está autorizado a recibir). O devandito documento debe indicar a oficina competente das autoridades fiscais do país de destino, así como a data e referencia do pagamento ou da aceptación da garantía de pagamento por parte da devandita oficina.

A AEAT poñerá ao dispor do expedidor a notificación de recepción que recibirá das autoridades fiscais do Estado membro de destino.

Convén lembrar aquí que, no caso de realizar envíos intracomunitarios, debe achegarse polo expedidor unha garantía do 1% do valor dos envíos intracomunitarios deste durante o ano anterior, cun mínimo de 1.000 euros (artigo 43.11 RIE).

¹⁵ O código SEED fai referencia ao titular e ao establecemento. En España é o mesmo para ambos os dous (CAE), pero noutros países da UE utilízase un número para o titular e outro para cada establecemento, polo que no EMCS hai que consignar os códigos SEED correspondentes.

2. Fóra de réxime suspensivo (se o expedidor é un distribuidor ou comercializador, ou o destinatario non está autorizado para a recepción de produtos en réxime suspensivo): neste caso, o pagamento do imposto especial prodúcese no país de expedición; a continuación o produto circula e, coa chegada a destino, prodúcese un novo pagamento do imposto no Estado membro de destino, podendo entón, baixo certos requisitos, solicitarse a devolución do imposto de pagamento en España por parte do expedidor. Neste caso non se considera o uso do sistema EMCS intracomunitario, senón que se utiliza un **documento simplificado de circulación: o modelo 503** (documento simplificado de acompañamento para un envío determinado). Este modelo 503 preséntase hoxe en día electronicamente, polo que xa non é necesaria a presentación do antigo modelo 551 (modelo recapitulativo mensual dos documentos simplificados de acompañamento expedidos).

A casuística básica resúmese na figura 4.2.7.




Figura 4.2.7 Casuística básica de circulación intracomunitaria

(Fonte: elaboración propia)

¹ Salvo que o destinatario dispoña dun código de autorización para esa expedición concreta, é dicir, sexa un operador rexistrado ocasional, nese caso o envío realizaríase en réxime suspensivo.

3. Tipos especiais de envíos

É interesante mencionar dous tipos de envíos especiais con orixe nunha adega en circulación intracomunitaria:

a. Envíos garantidos (para envíos con destino a empresas ou profesionais).

Chámase envío garantido porque, en xeral, o receptor debe solicitar no seu país autorización para esa operación mediante a achega dunha garantía (fianza), que posteriormente recuperará ao peche da operación. Como expedidores, deberemos asegurarnos de que se garantiu a operación por parte do destinatario.

b. Venda a distancia (para envíos con destino a particulares).

Para máis información sobre estes tipos de envíos intracomunitarios recomendamos consultar a súa oficina xestora de IIEE da AEAT ou a caixa de correos electrónica das oficinas xestoras de IIEE da AEAT en Galicia (oficinagestoraiee.galicia@correo.aeat.es).


4.2.4. Circulación a terceiros países (fóra da UE ou a Canarias, Ceuta ou Melilla)

Este tipo de envíos é o que se realiza a un destinatario dun Estado non membro da UE, ou ben ás Illas Canarias, Ceuta ou Melilla¹⁶. Como nos casos anteriores, pódese realizar en réxime suspensivo ou co imposto devindicado.

1. **Réxime suspensivo** (aplicable ás adegas con CAE): deberemos realizar o e-DA mediante o sistema EMCS, indicando como destinatario a oficina de aduanas desde onde se exportará a mercancía (saída efectiva), onde nos tramitarán un DUA (Documento Único Administrativo) de exportación que ten que asociarse ao documento EMCS anterior para finalizar este.

Se a exportación se realiza con saída efectiva por unha aduana en territorio nacional (Península e Baleares), utilízase o sistema EMCS interno para o transporte ata esta. No caso en que a aduana de saída efectiva estea noutro Estado membro, deberase utilizar o sistema EMCS intracomunitario.

Para máis información sobre como debe cubrirse o DUA de exportación, recomendamos consultar as preguntas frecuentes dispoñibles na web da AEAT ou á súa oficina xestora.



¹⁶ A saída de viño desde o ámbito territorial interno (territorio español peninsular e Baleares) con destino ás Illas Canarias, Ceuta ou Melilla constitúe, para os efectos de impostos especiais, unha exportación, dado que as operacións a estes destinos teñen o mesmo tratamento fiscal para os efectos de impostos especiais que as realizadas con países terceiros (é dicir, fóra da UE).

- 2. Fóra do réxime suspensivo** (se o expedidor é un distribuidor ou comercializador, ou o destinatario non está autorizado para a recepción de produtos en réxime suspensivo): tratarase dunha operación normal de exportación, suxeita á documentación propia destes casos (albará de circulación, factura e DUA).

4.2.5. Resposta do receptor

Situámonos agora como receptores dos envíos de viño.

Partimos da base de que a nosa adega dispón de CAE, o que significa que todos os envíos que nos fagan poderán recibirse en réxime suspensivo, sempre que o expedidor dispoña do seu correspondente CAE ou equivalente noutros países.

De non ser así, a operación devindicará os correspondentes impostos especiais que lle sexan de aplicación, tanto se é unha compra-venda en España coma se se realiza a un operador dun país membro da UE ou de terceiros países.

Unha vez recibida a notificación electrónica de recepción por parte da AEAT, esta verificará. Se todo é correcto, confirmaranos, como receptores, o rexistro desta (en caso contrario informaranos canto antes) e poñerá tamén ao dispor do expedidor.

En caso que, unha vez transcorridos os 5 días hábiles desde a recepción dos produtos, se atope non dispoñible o sistema EMCS ou, se a circulación se efectuou ao amparo dun documento de acompañamento de emerxencia, aínda que non se atopase no sistema EMCS o e-DA correspondente a este, como receptores deberemos comunicalo á nosa oficina xestora informando dos motivos. A partir de aí, a oficina xestora informaranos dos pasos que hai que seguir (que, xeralmente, será a presentación dunha notificación de recepción en soporte papel ou unha prórroga para presentar a notificación electrónica).

4.2.6. Outros casos de circulación

A continuación indícanse algúns casos adicionais de circulación que poden ser de especial interese:

1. Circulación de produtos entre as fábricas e os seus almacéns auxiliares

A circulación entre as fábricas e os seus almacéns auxiliares pódese realizar utilizando simplemente un documento interno da empresa, de acordo coas instrucións que se diten para o efecto pola oficina xestora da AEAT.

2. Expedicións de viño en cantidades non superiores a 90 litros

As expedicións de viño que non teñan carácter de expedición comercial, é dicir, postas en circulación por particulares e en cantidades non superiores a 90 litros, non precisan ser amparadas por ningún documento de circulación específico de impostos especiais de fabricación.

No entanto, se a expedición ten finalidade comercial, aínda que non supere os 90 litros si debe estar acompañada polo correspondente documento de circulación.

Como, en xeral, unha adega se considera un expedidor comercial, a expedición de viño desde unha adega, aínda que sexa a un destinatario particular e en cantidade non superior a 90 litros, considérase un envío comercial, e debe ir acompañada do correspondente documento de circulación. Do mesmo xeito, se desde a nosa adega enviamos unha cantidade inferior a 90 litros a unha feira, por exemplo, en calidade de mostras gratuítas, a mercancía debe ir acompañada do correspondente documento de circulación, xa que se trata dunha expedición comercial (aínda que non se trate dunha venda).

3. Circulación de viño doutra propiedade

Debe terse en conta que o EMCS non ampara propiedades, senón movementos de produtos. Unha adega pode dispoñer de viño que non é da súa propiedade (p. ex. porque o elabora ou almacena para outra empresa); se o envía a un destinatario con CAE por orde do propietario, a adega ten que facer o EMCS para ese envío, aínda que non sexa a propietaria do produto que se expide.

4. Circulación de mostos

O movemento de mostos (por exemplo, dun lugar a outro durante a vendima, ou para realizar algunha operación sobre este con retorno á adega), **non está suxeito ao imposto especial sobre o viño e bebidas fermentadas** (debido a que non se trata dun destes produtos). Así pois, non é preciso documento de circulación dos esixibles pola AEAT para os produtos que si están suxeitos a este imposto especial. **Polo tanto, non se fará un EMCS nestes casos**, sendo suficiente cun albará que acompañe a mercancía.

Non obstante, si se considera un movemento de materia prima, polo que deberá consignarse nos libros rexistro correspondentes.

Ademais, o artigo 66.1 do RIE establece que «as primeiras materias entradas en fábrica non poderán ter outro destino que o do seu emprego na elaboración das bebidas que corresponden á inscrición no rexistro territorial, salvo autorización expresa da oficina xestora». Polo tanto, calquera envío de mosto que se inicie desde unha adega (e, polo tanto, xa estea contabilizado) **deberá contar con autorización expresa da oficina xestora da AEAT**.

Por outra banda, algúns consellos reguladores poden esixir un documento de acompañamento ao transporte de mosto (habitualmente denominado “guía”, que tamén esixen para o transporte de viño).